



**XUNTA
DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL

CEIP PINTOR ANTONIO FERNÁNDEZ

Pza. Pintor A. Fernández, nº6 36750 Goián-Tomiño (Pontevedra)
Tel: 886 110 741 E-mail: ceip.pintor.antonio@edu.xunta.es



BASES DO CONCURSO DE FOTOGRAFÍA: ***“Que é para ti Rosalía?”***



Para conmemorar o Día de Rosalía (23 de febreiro), o Equipo de Biblioteca do CEIP Pintor Antonio Fernández, propón este concurso co obxectivo de indagar o que se coñece da figura da escritora e pór en valor a súa obra a través da visión popular sobre a súa biografía, a súa obra, o seu arraigo con Galicia, as súas paisaxes, a súa morriña, etc.

Quen pode participar?

Poderán participar neste concurso o alumnado, profesorado, persoal non docente e familias do CEIP Pintor Antonio Fernández, con diferentes categorías de participación:

- Categoría *“Alborada”*: alumnado de Ed. Infantil.
- Categoría *“Follas Novas”*: alumnado de 1º e 2º de Primaria.
- Categoría *“Amoriñas das Silveiras”*: alumnado de 3º e 4º de Primaria.
- Categoría *“Campanas de Bastavales”*: alumnado de 5º e 6º de Primaria.
- Categoría *“Meu lar”*: profesorado, persoal non docente e familias relacionadas con centro educativo.

Como se participa?

Para poder participar desta iniciativa, é necesario presentar unha fotografía baseada na figura de Rosalía, algo que “che veña á mente cando pensas” nela.

Cada participante podrá presentar **un máximo de unha obra**, sendo ésta orixinal e inédita.

Nas fotografías non poderán aparecer alusións directas ás persoas autoras, nin rasgos identificativos das mesmas.

As persoas participantes responsabilízanse totalmente de ser as únicas autoras, de que non existan dereitos a terceiros, así como de toda reclamación polos dereitos de imaxe sobre as obras presentadas ao concurso.

As fotografías non poderán ser alteradas electrónicamente nin por calquer outro medio. Tampouco se aceptarán fotomontaxes. Permitíranse mínimas correccións de cor e luminosidade.

As obras deberán entregarse en formato dixital cun mínimo de 6mpx de resolución, en formato jpeg o png, sendo o nome do arquivo o nome da persoa participante seguida dun punto, o curso (só no caso do alumnado) seguido dun punto e o título da obra. (Ex. BertaAlonsoAlonso.4ºprimaria.Rosalíapequeniña.jpeg). Deberán enviarse por correo electrónico a: bibliotecapintorantonio@gmail.com

Ata cando se pode participar?

Ata o 16 de febreiro 2024, ás 15 horas.

Premios:

Haberá un premio individual por cada categoría que consistirá en un libro/xogo didáctico.

Xurado:

Estará formado por 3 persoas alleas ao centro e de recoñecido criterio na materia :

- Licenciada en Filoloxía Galega e veciña de Figueiró.
- Fotógrafo e veciño de Goián.
- Licenciada en Bioloxía e veciña de Goián.

O fallo será emitido o 23 de febreiro de 2024 ás 14:00 h, coincidindo coa data de conmemoración da autora.

Exposición

As obras estarán expostas no Centro Goiánes os días 23, 24 e 25 de febreiro de 2024, en horario de apertura deste local. A apertura da exposición coincidirá coa data do fallo.

Aceptación das bases:

A participación neste concurso supón a plena aceptación de todas e cada unha destas bases e do fallo inapelable do xurado.